

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 105

ano 18

marzo-abril 2024

A RAÍÑA DONA VIOLANTE E SANTA CLARA DE ALLARIZ

O 11 de abril de 1292 -ano 1330 da era hispánica, segundo figura no documento-, a raíña dona Violante, viúva de Afonso X O Sabio, outorgaba o seu último testamento. No Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu) consérvase un traslado, ou copia autenticada por un escribán, datada en Allariz o 11 de xaneiro de 1620. Esta copia atópase entre os documentos procedentes do Convento de Sta. Clara de Allariz, en canto que este foi o beneficiario preferente deste testamento.


Comeza coa acostumada fórmula *In nomine Domini amen* (no nome do Señor, amén), invocación que lle confería lexitimación divina ao documento. A continuación a outorgante encomenda a súa alma a Deus e á Virxe, así como aos santos polos que tiña unha especial devoción, San Francisco e Sta. Clara de Asís, para que intercedesen na salvación da súa alma. Boa parte das mandas testamentarias teñen relación con Sta. Clara de Allariz. Así, a raíña declara o seu desexo de ingresar na orde das clarisas para acabar a súa vida no convento que fundara anos atrás. Tamén manifesta reiteradamente a súa vontade de recibir sepultura nel, revocando a súa anterior intención de ser enterrada no convento das clarisas de Zamora. Precisa que os seus restos mortais descansen no altar de Sta. María, dentro do coro das monxas.

Prosigue coas mandas económicas nas que indica o que lega e a quen. Para todo aquel franciscano que acudise ao seu enterro dispuxo 30 marabedís. Para o convento de San Francisco de Ourense, que tivo un papel destacado na fundación do de Allariz, 1.000 marabedís. Manda ademais 3.000 marabedís aos conventos franciscanos de toda Galicia e 2.000 aos conventos dominicos galegos. Asemade, lega 20.000 marabedís ao hospital de Villafranca de Montes de Oca (Burgos), fundado tamén por ela.

Legaa ao convento de Allariz un total de 200.000 marabedís, dos que a metade eran para as obras do edificio e a outra para mercar herdades que sustentasen as monxas. Con 6.000 marabedís manda constituír unha fundación de misas cantadas pola súa alma e polas dos seus familiares directos. Por último, dispuxo 4.000 marabedís para libros do convento e outros 10.000 para o seu enterro. Ademais destas disposicións monetarias tamén lle legou ao convento toda a súa roupa, así como o seu

leito e a súa capela privada. Unha vez pagadas as súas débedas e todas as mandas testamentarias, indica que o que fiquese para o mesmo convento.

Designa por albaceas o arcebispo de Toledo, os superiores das provincias franciscanas de Santiago e de Castela, a abadesa de Sta. Clara de Allariz, dona Sancha Eanes, e o superior do convento franciscano de Ourense. Por último, para validar o testamento manda que sexa pechado e selado co seu selo persoal.



1620, xaneiro, 11. Allariz

Traslado notarial do testamento de Dª Violante, raíña de Castela e de León outorgado o 11 de abril de 1292.

Papel; escritura humanística; castelán; 310 X 210 mm
AHPOu, Convento de Santa Clara de Allariz, C. 9791/22.

Dona Violante e Santa Clara de Allariz

Dona Violante (Zaragoza, 1236-Roncesvalles, 1300) era unha infanta, filla de Xaime I de Aragón e Violante de Hungría, que casou en 1249 co infante castelán que reinaría co nome de Afonso X. Tanto o rei Sabio como dona Violante tiveron un papel fundamental na difusión e instalación das ordes mendicantes na Coroa de Castela. De feito, no testamento da raíña evidénciase a súa vinculación con esas ordes na xenerosidade coa que as trata nas mandas testamentarias, en particular coas clarisas de Allariz e cos franciscanos de Galicia e Castela. A confianza que deposita na orde franciscana tamén se reflicte na designación de albaceas.



Virxe abrideira de Santa Clara de Allariz
AHPOu, Colección fotográfica. N° 54

O Real Mosteiro de Sta. Clara de Allariz foi o primeiro convento mendicante patrocinado pola Coroa no reino de Galicia e gozou da protección real ata o final do Antigo Réxime. A idea da súa fundación remóntase ao ano 1282, cando dona Violante manifesta o seu desexo de crear un convento de clarisas, rama feminina da orde franciscana, nesa vila ourensá. Os motivos da elección desta localidade non están claros e existen diversas conexións ao respecto.

Entre os motivos persoais barállase a posibilidade de que a raíña residise nalgún momento da súa vida en Allariz. Especúlase con que puido refuxiarse nesta vila para fuxir do ambiente hostil da corte castelá xerado polo enfrontamento do seu fillo, o futuro Sancho IV, co seu pai e a guerra do primeiro cos seus sobriños, os infantes de la Cerda.

A fundación tamén puido responder a motivacións políticas como a intención da Coroa de ter maior presenza en territorio galego a través dunha institución relixiosa de padroado real. Esta idea vese confirmada pola viaxe que realizou o xa rei Sancho IV a Galicia en 1286, tras medio século sen que un monarca castelán pisara terras galegas.

Con ocasión desta visita, e por petición da súa nai, outorgou un privilexio real na cidade de Ourense, en virtude do cal autorizaba a fundación do convento de Allariz e acoutaba o espazo no que se había de construír, ao tempo que o poñía baixo a súa protección. Dende 1286 ata 1293 Sancho IV foille concedendo outros privilexios ás clarisas de Allariz, labor continuada polos seus sucesores. En 1295 a raíña realiza unha doazón ás mesmas monxas -cuxo orixinal se conserva no AHPOu- no que lles entrega todas as compras que fixera para o convento e as que faría nun futuro.

Dona Violante morreu en Roncesvalles arredor do ano 1300 cando voltaba de ganar o xubileo en Roma. Nesa vila navarra foi enterrada. A pesar da firme vontade que manifesta no testamento de recibir sepultura no convento de Allariz, non consta que se chegase a cumprir esta última vontade. A destrución da primitiva igrexa a causa dun incendio en 1757 e a construción dun novo templo borrou o posible rastro da súa hipotética sepultura.

A virxe abrideira e a cruz de cristal

Dentro dos numerosos bens que a raíña legou ao convento de Allariz probablemente se atopaban dous elementos que destacan debido á súa alta calidade artística, o que os relaciona coa Coroa e coa capela privada da raíña, de onde se especula que poderían proceder.

Por unha banda hai que mencionar a Virxe abrideira, unha figura sedente de marfil duns 32 cm de María co seu fillo no colo, un arquetipo de longuísima tradición. A peculiaridade desta imaxe, que gozou de gran devoción na zona, é que se pode abrir en forma de tríptico decorado con relevos relativos á vida da nai de Deus. Trátase dunha tipoloxía moi inusual pois só existen outros dous exemplos en toda a península. Presenta un marcado estilo gótico e a súa orixe non está clara. Hai quen afirma que as súas características revelan unha procedencia francesa, mentres que outros autores a relacionan con algún taller castelán da segunda metade do século XIII.

A outra peza é unha cruz de cristal de rocha con un Cristo no Calvario, mencionada nun inventario de 1570 como doazón de dona Violante. Está ricamente decorada con motivos realizados en prata dourada. Seguramente tamén sexa de orixe francesa. A ambos os dous lados aparecen dúas figuras orantes que con probabilidade representen a dona Violante e a Afonso X. A base da cruz tamén está decorada con figuras de anxos, pedras preciosas e pinturas de santos e de apóstolos.

Texto: Alejandro Campos Blanco. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491



XUNTA
DE GALICIA

Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

Emilia Pardo Bazán, s/n
arq.prov.ourense@xunta.gal
Tlfo. 988788228